

	IES MARÍA CASARES. Departamento de			2024-2025
	MATERIA	HISTORIA DA ARTE		
	CURSO	2ºBacharelato	HORAS SEMANAIS	

BREVE DESCRICIÓN DA MATERIA
<p>A historia da arte é unha materia fundamental na formación dun individuo adulto. A arte forma parte da identidade humana e a expresión visual está no noso día a día: na publicidade, no cine, na roupa, na prensa, mesmo no noso interior. A arte emociona e reflexiona, entretén e reflexiona, nos representa. Nos define como humanos. Ademais, reflexiona acerca de como vemos o mundo, que facemos, que valoramos e a quen; ademais, nos ensina como pensaban noutros lugares e tempos así como a coñecer e valorar o noso patrimonio.</p> <p>Pondera para practicamente todas as carreiras univertitarias das ramas de ciencias sociais e humanidades.</p> <p>A historia da arte é inherentemente visual. Explícase a través da comparación e análise de numerosas imaxes, o que favorece a memorización e fai os contidos, máis motivadores. Tamén resulta atractiva porque xira en torno á beleza e a expresión humana.</p> <p>Ó ser unha materia de historia, consiste nunha narración, nunha secuencia. As obras relaciónanse unhas con outras así como os estilos, polo que resulta tamén sinxelo. Igual que a compoñente biográfica que ten a vida dos artistas.</p> <p>Daremos resposta a cuestións como: Quen foi Van Gogh? Por que é importante a catedral de Santiago? Por que <i>Las Meninas</i> é unha obra xenial? É importante a Mona Lisa? Por que a nosa arte aínda deriva da Grecia clásica? É a arte contemporánea unha mala broma? Na historia da arte hai relixión, drama, comedia, o corpo humano, a percepción da cor, a monarquía, espazos espectaculares, enxeñería, asasinatos, amor, bondade, etc.</p>

CONTIDOS
<p>Seguirase a proposta da CIUG (ata o de agora foi a seguinte):</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. A arte: función, tipos e técnicas. 2. Arte grega. 3. Arte romana. 4. Arte prerrománica. 5. Arte románica. 6. Arte gótica. 7. Renacemento. 8. Barroco. 9. Goya impresionismo e posimpresionismo. 10. Vanguardas e arquitectura do XX.
METODOLOXÍA
<p>Baseada no uso de múltiples imaxes e con apuntamentos orientativos na Aula Virtual.</p>

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas escritas e/ou orais =	90%
Outros instrumentos de avaliación	10%
TOTAL AVALIACIÓN	
NOTA MEDIA AVALIACIÓN ORDINARIA	
AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA	
VINCULACIÓN CON ESTUDOS POSTERIORES	
<p>Filoxía, historia, antropoloxía, periodismo, socioloxía, ciencias da educación, historia da arte, Humanidades, estudos de moda, arquitectura...</p>	